

O concelleiro delegado de Cultura e Universidade do Concello de Ferrol, nomeado por decreto da Alcaldía de data 13/04/2013, aprobou, no día de hoxe a seguinte resolución:

“Con data 9/03/2015 aprobouse mediante Decreto do concelleiro delegado de Cultura e Universidade a realización da actividade cultural “Obradoiro de Teatro Primavera 2015” así como as bases para a súa convocatoria.

O punto quinto das ditas bases establece que “O período de inscrición será de **10 días hábiles** dende a data de publicación destas Bases na páxina web do Concello e deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello.”

Según consta no expediente, as bases foron publicadas na web do Concello (sede electrónica-Taboleiro de anuncios) e no Taboleiro de edictos do rexistro xeral municipal o día 10/03/2015, polo que o prazo de inscrición rematou o pasado 23/03/2015, presentándose as seguintes solicitudes nas seguintes categorías:

#### **Infantil**

- de 3 a 5 anos (martes 16:30-17:30): **Ningunha persoa**
- de 6 a 9 anos (martes 17:30-18:30): **1 persoa**
  - Eva Fernández Fernández
- de 10 a 13 anos (martes 18:30-19:30): **Ningunha persoa**

**Xuvenil** (de 14 a 17 anos) (xoves 18:00-20:00): **Ningunha persoa**

**Adulto** (de 18 a 60 anos)(martes e xoves 20:00-22:00): **3 persoas**

- Manuela Sanz Orjales
- Vanesa Ruedas Hurtado
- Amelia Querol Orozco

**Sénior** (de 61 anos en diante) (mércores 18:00-20:00): **1 persoa**

- Oliva Yáñez Leira

**Específico** (mércores 20:00-22:00): **4 persoas**

- Alba Casas Caneiro
- Vanesa Ruedas Hurtado
- Saínza Ruiz Ferreño
- M<sup>a</sup> Pilar Patiño Peña

Pola súa banda, o punto segundo das mencionadas bases indica que *“Darase formación a un máximo de sete grupos formados por un máximo de 15 persoas cada grupo e cun mínimo de 8 persoas por cada un deles. No caso de non chegar ao mínimo non se formará grupo. A selección será por orden de inscrición ata completar cada grupo e, os restantes inscritos en cada grupo quedarán como reserva.”*

Á vista do anterior o concelleiro delegado de Cultura e Universidade resolve:

**ÚNICO.-** Suspende a realización da actividade cultural “Obradoiro de Teatro Primavera 2015”, aprobada mediante Decreto do concelleiro delegado de Cultura e Universidade de data 9/03/2015, debido á falta de solicitudes mínimas esixidas nas bases para a formación de cada grupo”.

O que lle comunico para o seu coñecemento e efectos oportunos, facéndolle saber que a presente resolución pon fin á vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou a presente resolución dentro do prazo dun mes contado dende o día seguinte ó da notificación da presente resolución, de conformidade co disposto nos arts. 116 e 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, na súa redacción dada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro (BOE de 14.01.99), sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente recurso contencioso administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da notificación da presente resolución e na forma

prevista no art. 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa (BOE de 14.07.98).

Poderá utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

Atentamente saúdao

Ferrol, 25 de marzo de 2015

O secretario xeral